



NORMAS PARA A MONTAXE DE POSTOS NO MERCADO MARIÑEIRO TRADICIONAL NAS XVII XORNADAS DE CULTURA MARIÑEIRA MUROS MIRA AO MAR

1/ A montaxe das paradas no Mercado Mariñeiro Muros Mira ao Mar de 2022, deberá realizarse entre as 17:00 horas do xoves 7 de xullo ate as 11:00 horas do venres 8 de xullo de 2022. A partir desa hora xa non se poderá acceder con vehículos a todo o Casco histórico.

2/ As paradas teñen que estar abertas os tres días da celebración, cun horario mínimo, que establecemos para os días 8 e 9 de xullo de 11:00 a 15:00 e de 18:00 a 23:00 horas e o domingo 10 de 11:00 a 15:00 e de 18:00 a 20:00 horas, para poder pechar nalgun destes horarios teñen que ser autorizados previamente pola organización.

O horario máximo de peche son as catro da madrugada (04:00 h.)

3/ É obrigado que todas as paradas teñan unha decoración e vestimenta das persoas que as atendan axeitadas á celebración. Tómase como referencia un mercado galego do século XIX, polo que a decoración e vestimenta deberá ser nesta liña, evitando cores e motivos ornamentais que non existisen nesa época, así como estruturas “actuais” á vista... Ademais a temática é mariñeira, polo que é un requisito imprescindible que a decoración tanto do posto como dos participantes sexa acorde a isto mesmo. Para a decoración do posto pódese empregar redes, apeiros de pesca, cunchas, madeiras, canas ... e todo aquilo que vaia en consonancia co Mercado, tendo en conta que as cores predominantes deberán ser beixe, azul, branco ou negro. As entidades interesadas en montar unha taberna mariñeira deberán presentar un proxecto previo de decoración. Os rótulos e anuncios han de ser en galego

4/ A Música tamén deberá ser acorde coa época que se recrea e axustada a normativa, respectando aos outros establecementos e actividades que comparten espazo durante estas Xornadas, do mesmo xeito que o descanso dos veciños, debendo baixar o volume se dende a organización llo indican. Tamén se valorará como positivo que as propostas inclúan música ao vivo, pero os horarios das actuacións deberán ser autorizados pola organización e poderán ser incluídas no programa.

5/ A distribución dos diferentes postos polas rúas e prazas de Muros, será realizada pola Organización, tendo en conta os criterios de selección e os participantes foráneos que tamén estarán presentes no Mercado. É imprescindible respectar as medidas do espazo asignado a cada posto e as marcas que o delimitan. Para facer uso dos puntos de toma de corrente eléctrica repartidos polas diferentes zonas do Mercado, cada participante deberá ter o súa alongadeira. Os enganches ás tomas deberán facerse en paralelo evitando dificultar coas alongadeiras a zona de paso dos asistentes ao Mercado. Isto ten como finalidade mellorar a accesibilidade ao público asistente e evitar posibles accidentes.

6/ O número de Tabernas Mariñeiras a autorizar vai a ser limitado, e para determinar aquelas que se podan instalar, realizarase unha relación por puntuación entre todas as solicitudes, para o que se ponderará os seguintes criterios :

- Que pertenzan a Entidades con sede e actividade no municipio de Muros, valorando tamén a súa implicación na vida social da comunidade
- A antigüidade e historial de participación nas Xornadas Muros Mira ao Mar
- Que ofrezan como actividade complementaria: A organización dun Concurso, ou subvención dun premio, unha mostra de traballos artesanais: escabeche, afumado ...
- Que realicen co público asistente algún tipo de actividade como degustacións, obradoiros...
- A elaboración de receitas, artesanía... con produtos de quilómetro cero.
- Que ofrezan concertos de música ao vivo
- Puntuarase tamén o proxecto de montaxe e decoración que presenten.

7/ Todos aqueles postos gastronómicos que participen no Mercado Mariñeiro Tradicional Muros Mira ao Mar deben cumprir, ademais, coa normativa sanitaria vixente a data do evento, carné de manipulador de alimentos...

8/ As bebidas e comidas dispensaranse maiormente en envoltorios ou recipientes artesanais. Estudarase a posibilidade de facer unhas cuncas ou vasos conmemorativas, que se venderán e empregarán en cada taberna. Debendo as tabernas diminuír o prezo da consumición na porcentaxe que se determine, para os consumidores que aporten a cunca.

9/ Cada día os responsables de cada parada teñen que recoller os seus produtos e o lixo xerado; e o luns 11 pola mañá desmontar todas as estruturas e deixar todo limpo.

10/ As solicitudes presentaranse no Rexistro de entrada do Concello, ou na sede electrónica sede.muros.gal dende o 5 ao 20 de abril ás 14:00 h.

Cada solicitante téñ que presentar o Compromiso de respectar as normas e de nomear dous representantes para o trato co concello e a comisión organizadora, a este respecto